

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 14 de outubro de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se resolve a concesión de once bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2019/20 nunha universidade galega da lista de persoas suplentes.

Por Resolución do 11 de febreiro de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, aprobáronse as bases reguladoras e procedeuse á convocatoria de 150 bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2019/20 nunha universidade galega (DOG núm. 39, do 25 de febreiro).

Por Resolución do 30 de agosto de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, resolveuse a dita convocatoria das bolsas de excelencia para a mocidade do exterior, concedendo a bolsa a un total de 150 beneficiarios (DOG núm. 168, do 5 de setembro) que figuran no anexo I da devandita resolución.

No artigo 2 desa resolución do 30 de agosto, recóllese que dado que o número de persoas matriculadas foi superior ao número de bolsas convocadas, establécese segundo o establecido no artigo 16.2.b) da resolución, unha lista de 25 persoas suplentes que se relacionan no anexo II, formada por aquelas persoas solicitantes que acreditaron estar matriculadas nun máster e non foron adxudicatarias da bolsa para o caso de renuncia ou baixa dalgunha das persoas adxudicatarias.

As 11 persoas que se recollen a continuación figuran como persoas beneficiarias no anexo I da Resolución do 30 de agosto de 2019 e presentaron escritos a través da plataforma informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia renunciando ás bolsas concedidas:

Apelidos	Nome	Másteres	Universidade	Créditos	Anualidade 2019	Anualidade 2020	Importe total
Carrera Villar	Araceli	Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	UVIGO	60	5.000,00	2.000,00	7.000,00
Fraga Telechea	Gonzalo Agustín	Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa	UVIGO	60	5.000,00	2.650,00	7.650,00
Grabel Ojea	Rodrigo	Dirección de pemes-Pequeñas e Medianas Empresas	UVIGO	60	5.000,00	2.650,00	7.650,00



Apelidos	Nome	Másteres	Universidade	Créditos	Anualidade 2019	Anualidade 2020	Importe total
Pergola Yannello	Florencia de	Investigación Química e Química Industrial	USC	60	5.000,00	2.650,00	7.650,00
Terceiro Guimarey	Cristina	Tradución para a Comunicación Internacional	UVIGO	60	5.000,00	2.650,00	7.650,00
Rodríguez Gámez	Mariana	Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario	USC	60	5.000,00	2.650,00	7.650,00
Regueiro Paniagua	Natalia	Servizos Culturais	USC	60	5.000,00	2.650,00	7.650,00
Meaño Couso	Ana	Dirección de Empresas	USC	60	5.000,00	2.000,00	7.000,00
González González	César Augusto	Dirección de Empresas	USC	60	5.000,00	2.650,00	7.650,00
Silva Álvarez	Cristopher da	Matemática Industrial	USC	90	5.000,00	6.475,00	11.475,00
Sagues Díaz	Manuel Antonio	Dirección de Empresas	USC	60	5.000,00	2.650,00	7.650,00

De conformidade co disposto nos artigos 11 e 16 da Resolución do 11 de febreiro de 2019, a Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa e do Retorno como órgano instrutor do procedemento, unha vez recibidas as renuncias ás bolsas presentadas polas persoas antes referenciadas, á vista da lista de suplentes, e unha vez verificada a aceptación da adxudicación das bolsas segundo a orde de puntuación, formulou a correspondente proposta de resolución para a concesión das bolsas ás once primeiras persoas da lista de suplentes que aceptaron a bolsa ofertada.

Vista a lista de suplentes e verificada a súa aceptación da adxudicación das bolsas e tamén á vista da proposta de resolución da Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa e do Retorno e de conformidade co establecido na resolución da convocatoria,

RESOLVO:

Artigo 1

Conceder as bolsas ás once primeiras persoas da lista de suplentes que aceptaron a bolsa e que se relacionan no anexo I desta resolución para cursar os másteres que se sinalan na correspondente universidade galega e polo importe que se indica.



O pagamento da bolsa realizarase na conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria nos prazos establecidos e unha vez presentada a documentación xustificativa segundo o establecido no artigo 20 da resolución.

Artigo 2

As persoas beneficiarias destas bolsas están obrigadas ao cumprimento do establecido no artigo 21 da resolución da convocatoria. Os incumprimentos das ditas obrigacións poderán dar lugar ao reintegro parcial ou total, nos termos recollidos no artigo 22 da dita resolución.

Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración





ANEXO I

Nº orde lista suplentes	Puntuación total	Apellidos	Nome	DNI/ pasaporte	País de residencia	Másteres	Universidade	Créditos	Anualidade 2019	Anualidade 2020	Importe total
1	14,68	Latas Lugo	Ángel Manuel	****6873	Reino Unido	Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data	USC	60	5.000,00	2.000,00	7.000,00
2	14,64	Hervés Hervés	Juan Manuel	****4720	México	Edificación Sostible	UDC	60	5.000,00	2.650,00	7.650,00
3	14,54	Dalio Arufe	Sabrina Eugenia	****7140	Arxentina	Xestión e Dirección Laboral	USC	60	5.000,00	2.650,00	7.650,00
4	14,54	Teixeira López	Leandro	****5469	Brasil	Xestión do Desenvolvemento Sostible	UVIGO	60	5.000,00	2.650,00	7.650,00
6	14,46	Díaz Rodríguez	Diego Alberto	****7274	Arxentina	Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos	UDC	90	5.000,00	6.475,00	11.475,00
8	14,28	Jiménez González	Camila	****9524	Arxentina	Nutrición	UVIGO	60	5.000,00	2.650,00	7.650,00
9	14,24	Ramírez López	Martín Alonso	****9464	Chile	Dirección e Xestión Contable e Financeira	USC	60	5.000,00	2.650,00	7.650,00
10	14,16	Rodríguez Sánchez	María Teresa	****8592	Venezuela	Ciberseguridade	UDC	90	5.000,00	6.475,00	11.475,00
11	14,14	Sanquiz Núñez	Néstor Enrique	****3077	Venezuela	Eficiencia e Aproveitamento Enerxético	UDC	72	5.000,00	2.650,00	7.650,00
12	14,02	Fernández García	Jesús	***6518**	México	Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa	UVIGO	60	5.000,00	2.650,00	7.650,00
13	14,00	Trentin Rivadulla	Cecilia	****1151	Uruguai	Dirección e Xestión Contable e Financeira	USC	60	5.000,00	2.650,00	7.650,00

